



## Saúda do Presidente de FECIMO

(Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo)

### **Deporte e empresa: tan lonxe , tan cerca.**

Os deportistas, ó igual que os empresarios, preparan a súa carreira cos ollos postos no futuro e durante anos invisten tempo, esforzo e coñecementos para competir e triunfar. Aspiran ó máis alto.

Que significa ser un gañador?. Un deportista con espírito gañador é aquel que ademais de contar con talento deportivo pon traballo e ganas para chegar ó éxito. Cando sae a disputar unha competición está convencido de que vai gañar. Digo "vai" e non que "pode" gañar. Esta pequena diferenza é substancial. O que está convencido de gañar, sae coa vantaxe no marcador. Ó mesmo tempo, sabe que os demais tamén van a intentar conseguilo, aceptando con deportividade a derrota, xestionando ben as emocións, sen derrotismos que anulen a capacidade de volver a intentalo.

Como escribía R. Kipling: *"A vitoria e o fracaso son dous imposibles e hai que recibilos con serenidade e con un saudable punto de desdén"*.

O mesmo sucede nas empresas, onde a actitude dos seus dirixentes é fundamental. Ten posibilidades de triunfar aquel que se levanta, busca as circunstancias ou as crea se non as atopa.

Os valores esenciais do deporte, como o traballo duro, paixón, resistencia, traballo en equipo, liderado, respecto ás normas e a competencia, e compromiso cos obxectivos comúns, encaixan moi ben co mundo dos negocios, valores que se comparten a hora de alcanzar o éxito deportivo ou empresarial. O deporte como unha forma de expresión artística cumpre unha serie de funcións de interese social e económico e como tal actúa como un xerador máis do impulso económico

O deporte pode e debe actuar como un dos factores cohesionadores da sociedade, vehículo de interrelacións e de saúde corporal e social, onde desde as bases se respire boa convivencia, tendo como claves o respecto, o sentido común e a empatía que axuden a evitar actitudes antisociais.

Os meus parabéns para os organizadores deste campionato. Non é tarefa fácil harmonizar un equipo. Os humanos somos por fortuna todos distintos, é difícil converxer os intereses e as aspiracións de todo un grupo en beneficio dunha organización, empresa ou equipo, polo que levar adiante un evento destas características supón un gran reto.

As palabras claves son o traballo en equipo e a harmonía. Creo que na vida hai que saber combinar con mestría o liderado da individualidade co traballo en equipo. Quen o consegue, triúnfase seguro.

*Xosé Bangueses García*  
*Presidente de Fecimo*